

AO ILMO. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE FERROL

YOLANDA DÍAZ PÉREZ, Concelleira-Portavoz do Grupo municipal Esquerda Unida-Izquierda Unida, ante V.I. comparece e presenta a seguinte moción ao Pleno da Corporación municipal do Concello de Ferrol con base nos seguintes

MOTIVOS

A recuperación dun conxunto urbano histórico como é Ferrol Vello require da redacción dun Plan Especial, pois é esta a única figura urbanística que resolve axeitadamente a coordinación no espazo e no tempo das diferentes actuacións (dotacións, reurbanización, política de vivenda...) e dos diferentes axentes inversores (Concello de Ferrol, Consellería de Cultura e Deporte, Consellería de Vivenda e Solo-Área de Rehabilitación Integral, Instituto Galego de Vivenda e Solo-plan de vivenda de aluguer para xente nova, Unión Europea-Programa Pagus...)

O plan especial é a única figura que, mediante o seu catálogo, permite definir cales son os límites das actuacións sobre as vivendas do barrio, poñendo as bases para que a conservación do conxunto urbano sexa compatible ca promoción privada, potenciando política de rehabilitación, ao non ter esta que competir en desventaxa cos grandes aproveitamentos económicos que se producen nas novas edificacións.

O Plan Especial desactivaría o interese especulativo que hoxe en día hai sobre boa parte do patrimonio de Ferrol Vello: a espera dos propietarios e promotores en función da incesante subida dos prezos do chan só produce degradación e ruina e non é unha alternativa de futuro para un barrio tan fráxil. Nos últimos 5 anos arruináronse 30 vivendas.

Permitiría ademais, por un lado, amplificar os efectos positivos que ten para a recuperación do barrio a actividade da Oficina de Rehabilitación municipal: a simple aprobación inicial dun plan especial significaría un aumento das axudas á rehabilitación ata un 75% sobre o presuposto

protexible axudas de rehabilitación -hoxe o límite está nun 55%-, colocándoas ao mesmo nivel que na Madalena e, por outro trasladar de forma efectiva ao Concello a tutela sobre o patrimonio do barrio, axilizando a tramitación das obras e proxectos, tanto públicos como privados.

Lembrar, por último, que o Plan Especial é un mandato do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O Plan Especial non parte de cero, conta con tres documentos que poden orientar e acorta-los prazos para súa elaboración:

- Recoñecemento do estado da edificación e do patrimonio construído de Ferrol Vello, do ano 2000.
- Proposta de dotación e mellora de espazos públicos de Ferrol Vello e Argüelles, do ano 2004.
- A documentación actualizada que manexa a Oficina de Rehabilitación Municipal.

Os obxectivos deste plan deberían ser os expresados no plan xeral:

- A conservación e recuperación do patrimonio urbano, arquitectónico e cultural.
- A mellora das infraestruturas e urbanización de rúas e prazas.
- A mellora de equipamentos. prevendo equipamentos deportivos e para a terceira idade.
- A reintegración do barrio no conxunto da cidade. fomentando a actividade comercial, cultural e social.

En coherencia con estes obxectivos, e paralelamente á redacción deste documento, o Concello de Ferrol debería emprender as seguintes accións urxentes:

1. A conservación e recuperación do patrimonio urbano, arquitectónico e cultural.

2. A mellora de infraestructuras e reurbanización de rúas e prazas.

A día de hoxe non se investiu un peso do Convenio de Reurbanización de Ferrol Vello e a Madalena no barrio de Ferrol Vello, a pesares de que neste a reurbanización nun principio estaba previsto se desenvolvese ao mesmo ritmo nos dous barrios. Nin sequera nos consta a existencia dun proxecto de reurbanización para as rúas Comellas e San Antonio, que recordemos, non estaban incluídas inicialmente no programa de reurbanización nin se atopan dentro do perímetro do conxunto protexido e obxecto do Plan Especial.

Non existe impedimento técnico algún para a reurbanización do barrio que non se poida resolver dende o proxecto ou un bó seguimento da obra. Como referente en Galicia para este tipo de actuacións están a Reurbanización dos Cascos Históricos de Santiago de Compostela, Pontevedra ou Ourense, e especialmente o do Casco Vello de Vigo, no que os técnicos topáronse cas mesmas dificultades que son presumibles no barrio ferrolán.

Mentres a política de recuperación das vivendas do barrio depende directamente do maior ou menor interese da iniciativa privada por levala adiante, a reurbanización é competencia exclusivamente municipal, e dela depende que un barrio histórico conte con servizos semellantes ao resto dos barrios da cidade.

3.- A mellora de equipamentos.

Neste punto compre recordar que xa hai solo no barrio agardando o seu rescate para un uso dotacional de equipamento público:

- Unha edificación destinada a tal fin polo Plan Especial de Argüelles
- Unha parcela de titularidade municipal na praciña de San Francisco
- O Edificio de Aduanas, hoxe sen uso e cualificado como equipamento administrativo polo Plan Xeral.

- A Casa de Carvalho Calero, sobre a que existe un acordo plenario para a súa compra por parte do Concello con cargo ao Convenio de Reurbanización.

- A reserva dunha parcela dotacional de 220 m2 prevista na Fábrica de Lápices.

A execución de equipamentos asistenciais (un centro de día, por exemplo) esixe a cesión por parte do Concello á Consellería Correspondente, de solo ou edificios da súa propiedade.

4. A reintegración do barrio no conxunto da cidade.

Por todo isto se solicita propónse ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes

ACORDOS

1.- Aprobar e redactar un Plan Especial para o barrio de Ferrol Vello consonte aos criterios do PXOM.

2.- Suspender as licencias de obras que signifiquen un aumento de volume edificado dentro da ordenanza 2 de Ferrol Vello, en tanto non se produza a entrada en vigor do Plan Especial.

3.- Solicitar á dirección Xeral de Patrimonio informe das novas licencias que se produzan dentro do ámbito da Ordenanza 2 e revisión, á luz dos parámetros establecidos polo Plan Xeral, das xa concedidas.

4.- Facer unha programación anual das actuacións de reurbanización vinculada á próxima sinatura do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ferrol que inclúa igual proporción de investimento para os barrios de Ferrol Vello e da Madalena e que o cumprimento desta programación sexa vinculante para a Concello de Ferrol ano a ano.

5.- Utilizar a partida para expropiacións prevista no Presuposto deste ano para obter a propiedade dos 220 m2 da Fábrica de Lápices e da parcela prevista para equipamento en Argüelles, co fin de ceder os dos inmobles á Consellería de Igualdade e Benestar para que execute un centro de día e unha gardería.

6.- Mercar con cargo ao Convenio de Reurbanización a Casa de Carvalho Calero, co fin de cederlla á Consellería de Cultura e Deporte para que a rehabilite e a convirta nun centro cultural de referencia.

7.-Iniciar conversas co Ministerio de Hacienda para conveniar a cesión do edificio de Aduanas.

8.- Trasladar a Oficina de Rehabilitación ao solar de Propiedade Municipal da Praza de San Francisco.

9.- Aprobar inicialmente a modificación puntual do Plan Xeral nas parcelas do adro de San Francisco para destinalas a zona verde pública.

10.- Fomentar a actividade comercial, cultural e social, ca aprobación de medidas fiscais e subvencións con cargo aos presupostos de 2007.

Ferrol, a 18 de xullo de 2006

Asdo. Yolanda Díaz Pérez